

25





As persoas estamos en diferentes grupos



Todos formamos parte de distintos grupos.

En cada un deles realizamos unha actividade diferente.



Pensa e responde a estas preguntas.

- ¿En que grupos estás a participar?
(Grupos escolares, deportivos, relixiosos...)
 - ¿Que actividades fas en cada un destes grupos?
 - ¿Que é o que máis che gusta de cada un deles?



- Os que cremos en Xesús formamos a Igrexa, que se fai presente nas nosas parroquias.



Pon Verdadeiro ou Falso segundo corresponda.



Na parroquia reunímonos para...

Na parroquia reunímonos para...		
	V	F
Facer deporte.		
Escoitar a Palabra de Deus.		
Charlar cos amigos.		
Falar con Xesús.		
Aprender a ler e escribir.		
Celebrar a Eucaristía.		
Xogar e divertirnos.		
Rezar.		
Participar na catequese.		
Casar.		
Curar enfermedades.		
Axudar aos pobres.		



A gran familia da Igrexa.

A Igrexa ten moitos anos pero xamais envellece: consérvase sempre viva e rexuvenécese continuamente.

●	<ul style="list-style-type: none">Formamos parte da Igrexa todos os que recibimos o Bautismo e cremos que Xesús é o fillo de Deus.
●	<ul style="list-style-type: none">Nas nosas parroquias, nas comunidades de relixiosos e relixiosas, nas familias que son cristiás, en todos aqueles bautizados que seguen de verdade a Xesús.
●	<ul style="list-style-type: none">O día máis importante para a Igrexa é o Domingo, no que celebramos xuntos a Eucaristía.
●	<ul style="list-style-type: none">O Papa, vicario de Cristo na terra, e os Bispos en comuñón co Papa, tendo como colaboradores aos sacerdotes e diáconos.
●	<ul style="list-style-type: none">Os Bispos teñen a misión de dirixir as dioceses como sucesores dos Apóstolos e unidos ao Papa.
●	<ul style="list-style-type: none">O Papa é o sucesor de san Pedro e, en nome de Xesús, dirixe a Igrexa universal e mantena sempre unida na fe.
●	<ul style="list-style-type: none">Os sacerdotes axudan aos bispos e dirixen a vida cristiá das parroquias.
●	<ul style="list-style-type: none">Os diáconos son colaboradores do bispo e dos sacerdotes; eles fan presente a Xesús como servidor dos homes.





Relaciona os membros da Igrexa coa súa misión dentro dela.



presiden as comunidades parroquiais.



é o sucesor de san Pedro.



colaboran cos sacerdotes e os Bispos.



son sucesores dos Apóstolos.



somos irmáns e membros da Igrexa.



Contesta a estas preguntas coa axuda do teu catequista.

- A Igrexa universal está guiada polo **Papa**.

¿Como se chama o Papa actual?

¿Onde vive?

¿Cal é a súa misión?

- A Igrexa está presente en comunidades más pequenas chamadas **dioceses**.

¿Cal é o nome da nosa diocese?

¿Como se chama o Bispo que a preside?

¿Onde vive?

¿Cal é a súa tarefa?

- A diocese está formada por **parroquias**.

¿Como se chama a túa parroquia?

¿Como se chama o sacerdote ou sacerdotes da túa parroquia?

¿Que tarefas realizan?